ACTIVIDAD CULTURAL

# LOS CURSOS DE "AGUEA"

En la Biblioteca del Centro Gallego de Buenos Aires, se realizó el día 3 de junio la inauguración del segundo curso de Iniciación Cultural Gallega, organizado por AGUEA, que continúa así la labor que tan eficazmente ha inaugurado el año pasado al poco tiempo de haberse creado.

Con asistencia de numeroso público y bajo la presidencia del Sr. Villamarín Prieto, a quien acompañaban varios directivos del Centro Gallego y los de la entidad organizadora del curso, el secretario de ésta, Dr. José Núñez Búa explicó el propósito de la actividad docente que se inauguraba, leyendo al efecto un trabajo del que son los siguientes párrafos:

*"Os que nos avencellamos en AGUEA pretendemos dende sempre exercer un maxisterio fundamental: o de axudar ca nosa aitividade inteleitual a formar, a espertar, a encamiñar a concenza coleitiva de Galiza. Queremos contribuír a que deixe de ter vixencia isa frase engruñada por dentro ainda que se pronuncie con moita tesura:* "son galego e a moita honra...". *O que cumpre e ser galego concente, sen orgullo e sen xenreira. O que cumpre é sermos galegos, sabendo que ser galego é estar en cada intre en disposizón de selo por ter a ialma, a vontade, i-o azo dispostos a poder selo. Mais pra tal disposizón do noso esprito é mester unha concenza galega. Axudar na tarefa de formar un pobo galego concente do seu ser galego, é misión política de unha asociación de homes que andan, con máis ou menos intensidade, en labouras de orden inteleitual.*

*Náscese galego, esperta un á vida enriba de un bocado de terra, mergullado na paisaxe do seu lugar, adeprende un a fala dos seus país; adeprende o neno a xogar e a traballar falando en galego... De súpeto, lévano a un á escola en que todo o que lle dín élle alleo, estrano, abstraído, descomunal. Prohíbenlle falar na súa língoa e fanlle adeprender de memoria una ristra de verbas nunha língoa que non entende. Ate lle fan aborrecer por ordinaria a língoa que falan todos ó seu arrededor. Dehí arrinca unha espécie de* capitis diminutio, *de servidume mental do meno galego, da que lle ha custar ceibarse, se chega a ceibarse en toda a vida, máisime si sal de Galiza... Un mozo galego ensinado de tal xeito non pode ter concenza do seu ser galego e se non ten concenza do seu ser galego ¿Qué concenza pode ter de que é español, cidadán de un Estado que se chama España? Se o Estado Español non fose unha creación invertebrada e non se tivese orgaizado a contrapelo da realidade cultural variada e ricaz da Península, tería praticado unha política de unidade dentro da variedade, non pretendendo facer homoxéneo o heteroxéneo. Don José Ortega y Gasset (e citalo, con todo o respeto que a súa laboura inteleitual meresce, non quer decir estar de acordo ca súa teoria rexionalista ou provincialista. Don José Ortega y Gasset decía:* "Dada la diferencia evidente entre las almas regionales, por ejemplo, de Galicia, Vasconia, Cataluña, debería preguntarse cómo puede aprovecharse en beneficio del Estado esa diferencia"... *Il sostén que a heterexoneidade das rexións é unha grande riqueza que o Estado debería aproveitar, precisamentes pra acadar unha real e fecunda unidade política dentro da variedade biolóxica de España".*

*"Pois a pesares a contra do Estado Español, a ialma galega a eisistenza do ser espritoal galego, estivo i-está viva Galiza, como feito xeográfico diferenciado, é unha realidade que ninguén nega. E como feito cultural mañiféstase en cada intre do seu camiñar histórico, a través dos aconteceres e circunstancias da súa vida. Froito da isa diferenciación cultural é a súa língoa, intrumento imprescendibel pra as creacións do seu esprito... E velahí en pé, froridas roseiras de pedra, un milleiro de formas arquiteitónicas de persoalidade ben diferenciada: o cruceiro que abre os seus brazos nas encrucilladas o hórreo, cuias fendes son como a columna graduada do termómetro da nosa fame, o pazo garnido de ilustres heráldicas, a casa mariñeira co seu patín soleado, a fachada barroca das grandes circxas e a homilde espadaña da parroquia rual e, ainda mesmo, o valado de pedra que limita a leira mínima...*

*Mais non abonda con decir: nós somos difrentes, e dempois botarse á raxeira. Hai que analizar i-estudar as diferencias i-as súas concomitanzas cos máis paises, pra tirar concrusións... E só coñecen-*


FLORES PLANTAS
EL ROSEDAL
FRANCISCO FERRAIUOLO E HIJOS
Cultivos propios en Estación Abasto, Partido La Plata
SERVICIO A DOMICILIO
LA MEJOR FLORERIA AL SERVICIO DE LA COLECTIVIDAD
AV. Vélez Sársfield 227/29 BUENOS AIRES
T. E. 23 - 8869

*do ben o que sómos e cómo o somos, poderemos ordear ben a nosa vida, a vida espritoal e tamén a material con probabilidades de éisito... I-eso, que será un ben pra Galiza, será tamén bo pra España e pra o mundo...*

*Por todo iso, AGUEA tenciona con istes cursos orgánicos por no inicio dos coñecementos esenciales da realidade xeográfica i-espritoal de Galiza ós Galegos que en verdade queiran selo, e ós que sin ser galegos teñan intrés en adeprender a coñecer a realidade cultural que se chama Galiza.*

*Desgraciadamente, non só eiquí, en Galiza mesmo a orgaización de cursos como ista noso estiveno sempre descuidados. Non descuidados nunca se teñen orgaizado. Cada un adeprendeu o que pudo e cómo pudo, por sí mismo, sen mestre e sen guía. Hai médicos, inxeñeiros, profesores universitarios que non teñen a máis fraca ideia da historia da súa Terra".*

Hizo luego atinadas observaciones sobre lo que debe ser y cómo debe ser la enseñanza de la Geografía, de la Historia, de la Literatura y del Idioma gallegos. Y terminó su enjundioso discurso con este párrafo:

*Non, o porvir dos pobos, de todal-os pobos, haino que facer non agardando que o porvir veña, senon, como decía Whitman, "indo cara o porvir". Os probremas resólvense tendo coñecementos pra poder enxargalos, pondo n-les a cabeza e as mans... Hai que porse en aitividade, hai que deixar de apraudir e hai que deixar de deixarse gabar; hai que porse con homildade, sinxelmentes, cordialmentes, no aprendizaxe —difícil, longo, nunca acabado— do arte de ser galego... E nunca se poderá adeprender a ser galego se denantes non coñecemos o corpo de Galiza, que é a Xeografía; o esprito, que é a Historia; a espresión, que é a lingua; e o pensamento dos seus homes representativos, que é a sua Literatura. Pra que nos, galegos de Buenos Aires, nos poñamos no camiño direito de chegar a ises coñecementos AGUEA inaugura o seu segundo Curso de Inicio Cultural".*

En vez de los acostumbrados discursos de los profesores, en los que éstos explican el contenido del programa que desarrollarán, Núñez Búa sometió a los msimos a un interrogatorio sobre cuestiones atingentes a las materias que constituirán el curso, entablándose un animado e interesante diálogo.

El profesor de Geografía, Ramón Valenzuela, expuso el concepto geográfico relativamente moderno, de región natural y se refirió a las de Galicia determinadas por Dantín Cereceda y por Fráguas. También citó la más importante biografía gallega, refiriéndose especialmente a los estudios geológicos de Shulz y Macpherson y a los modernos de síntesis iniciados por Otero Pedrayo y a los de comarcas hechas en equipo por el Seminario de Estudios Gallegos, de los que se concluyeron los de Melide y Deza Tuvo un recuerdo respetuoso y emocionado para Fontán, el autor de la todavía más valiosa carta de Galicia.

Alberto Vilanova, con verdadera versación de erudito, contestó las preguntas que se le formularor sobre historiografía gallega, citando como verdadero creador de

